
Recomendacións acerca da recuperación de probos de avaliación na EET por incidencias xustificadas

REDACCIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Equipo directivo	Comisión de Calidade	Xunta de Escola
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura
19 de xuño de 2017	27 de xuño de 2017	29 de xuño de 2017

I OBXECTO

O representante do alumnado pediu na Xunta de Escola que se determinen as causas polas que está xustificado repetir exames. Debido á ausencia de normativa reguladora de avaliación na Universidade de Vigo, no centro decidiuse establecer algunhas recomendacións respecto a realización de exames en data distinta ao exame programado no calendario oficial, por causa de incidencias xustificadas.

II ANTECEDENTES

O 15 de xullo de 2016 o representante do alumnado en Xunta de Escola pide que se poña solución a que nalgũa materia os profesores néganse a repetir exames con causa xustificada cando, segundo a súa interpretación, existe unha normativa que avala este feito (Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo, artigo 12). A Dirección da Escola fai unha consulta á Asesoría Xurídica para aclarar este feito e dilucidar se as probas de avaliación continua teñen que repetirse ao alumnado que falte con causa xustificada. Unha vez recibida a resposta, infórmase na Xunta de Escola do 21 de setembro de 2016 do contido da mesma: Pódese poñer nas fichas das materias que as probas de avaliación continua non se recuperan, en coherencia coa filosofía do sistema de avaliación continua. Considerarase excepcionalmente a repetición de exames cando o tipo de proba o permita e con xustificación fidedigna da imposibilidade de asistir. Nas Xuntas de Escola do 20 de decembro de 2016 e do 12 de maio de 2017 o alumnado solicita que se siga a traballar en establecer cales son os motivos polos que un estudante pode solicitar a repetición dun exame. Indican que existen regulamentos noutras universidades onde consta un listado de causas que se consideran oportunas para a repetición de exames e a que tipo de probas aplícanse. A comisión de calidade do centro, na súa reunión do 16 de maio de 2017, observa que, trala exploración do entorno universitario actual no seno do Espazo Europeo de Educación Superior, o dereito a repetición de exames está regulado por normativas de avaliación a nivel de universidade e non de centro. Na universidade de Vigo non existe esta normativa. A comisión de calidade considera que non lle corresponde ao centro o establecemento da mesma, senón que a Universidade de Vigo debería elaborar unha normativa reguladora dos sistemas de avaliación dos procesos formativos vinculados aos títulos de Grao e Máster.

O presente documento contén algunhas recomendacións para o profesorado en tanto a Universidade non resolve a carencia detectada.

III RECOMENDACIÓNS

As probas obxecto destas recomendacións son as probas finais de avaliación e as probas programadas nas Guías Docentes das materias con asignación polo centro de data para a súa realización.

Recoméndase ao profesorado considerar a repetición ou adiamento de probas de avaliación por incidencias dun estudante noutra data distinta á oficial nos seguintes supostos:

- 1) Por coincidencia con actividades oficiais dos deportistas de alto nivel e alto rendemento.
- 2) Por falecemento dun familiar ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade acaecido nos cinco días previos á data programada para a realización da proba.

- 3) Cando a causa pola que non puido asistir ao exame programado é sobrevinda ou de forza maior, estimada suficiente pola Subdirección con Atribucións de Organización Académica do centro ou a Coordinación de Máster. O concepto de forza maior debe entenderse como a existencia dunha causa externa imprevisible que afecte a quen a sofre, impedíndolle o cumprimento dunha obriga.

As causas alegadas deben xustificarse fidedignamente.

En todos os supostos, a solicitude de exame en data especial, acompañada da xustificación fidedigna da causa que lle impida asistir ao exame programado, deberá presentarse á Coordinación da Materia, quen propondrá, de acordo co profesorado responsable da proba, unha forma alternativa de avaliar os resultados de aprendizaxe correspondentes a dito exame parcial. En caso de tratarse dun exame final, a solicitude debe presentarse no rexistro do centro dirixida á Subdirección con Atribucións de Organización Académica ou a Coordinación de Máster, de xeito que poda convocarse e realizarse o novo exame con tempo suficiente para que a cualificación obtida polo estudante poda constar na Acta xunto coas do resto do alumnado, sen producirse retraso algún respecto a data límite para a entrega das Actas da convocatoria en cuestión.

A Coordinación de Materia e a Subdirección con Atribucións de Organización Académica ou a Coordinación de Máster deberán velar para que a nova data proposta non coincida en data e hora con outras probas de avaliación que tivesen que realizar os estudantes afectados por este cambio.